

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A construción do castelo de Sandiás e o nacemneto da Lagoa de Antela

O castelo de Sandiás, ou Torre de Sandiás, é coñecido polos veciños como a Torre do Castro. Está situada no Monte do Castro e ao pé da torre está a aldea do Castro, na parroquia de Sandiás, concello de Sandiás (Ourense).

□ Foi feito, según boca dos vellos, por'os mouros cand'ó de Pena que está de fronte a unhos 7 Km pouco máis ou menos o Sur do d'eiquí, meténdose por'o tanto a Veiga no medio. Fixeron por debaixo da terra unha carretera desd'unh'otra torre e por ela andan os mouros d'un lado para outro. Cand'os fixeron, os ferreiros de Pena e máis o do Castro, pr'apuntar os picos non tiñan máis que un martelo pr'os dous e arreglábanse con él tirándoyo desd'unha a outra cando lles faguía falta. Ata que un día, nun deses lanzamentos, a un deles falláronlle as forzas e o martelo caiu no medio do camiño entre as dúas torres, facendo un gran burato, onde escomenzou a brotar auga, dando lugar á que coñecemos (coñeciamos) como lagoa de Antela"□.

[Texto e foto remitidos por Xavier Feixoo, Sandiás, Ourense]



BIBLIOGRAFÍA

FONTE

SANTANA, Urbano, «Resume xeneral de folk-lore de Sandiás», en Revista Nós, números 89, 90 e 93, xuño-setembro, 1931.

BIBLIOGRAFÍA:

www.concellodesandias.com, web de Cultura Popular do concello de Sandiás a cargo de Xavie Feixoo.